



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 29 DE XUÑO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 22 de xuño de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 27/06/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000025
Importe total	128.424,64 €
Número de facturas	103
1ª factura.	
Emisor (Cif)	32767705L
Importe	215,91 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q6550023C
Importe	4.234,43 €


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de produtos farmacéuticos para botiquíns de praias e postos de socorristas		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- ANA MARÍA BOUZAS TASENDE - M. ENGUIX BETANZOS - M.DOLORES LÓPEZ RODRÍGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ANA MARÍA BOUZAS TASENDE		
NIF/CIF:	33298562J		
Importe (IVE incluído):	6.749,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de vestiario e outros materiais para socorristas de praias		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	2.394,80 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais diversos (prismáticos, mesas pregabres, cinta balizar...) para socorristas de praias		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE incluído):	886,48 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais diversos (fundas walkies, bandeiras, tubos rescate...) para socorristas de praias		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- CASCO ANTIGUO COMERCIAL, S.L. - EMERGENCIAS Y AUXILIOS SANITARIOS, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CASCO ANTIGUO COMERCIAL, S.L.		
NIF/CIF:	B79683579		
Importe (IVE incluído):	1.818,63 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de recambio de roda dianteira de cadeira adaptada a baño para persoas con mobilidade reducida		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SERVICIOS INTEGRALES MIMAS, S.L.U.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SERVICIOS INTEGRALES MIMAS, S.L.U.		
NIF/CIF:	B91905745		
Importe (IVE incluído):	150,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 15 emisoras portátiles de comunicación para persoal de vixilancia de praias		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EQUIPOS RADIO NAVALES, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	EQUIPOS RADIO NAVALES, S.L.
NIF/CIF:	B70214382
Importe (IVE incluído):	2.846,28 €
Observacións:	

Nº Proposta	7	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de equipos de protección para 4 motobombistas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.		
NIF/CIF:	B36112043		
Importe (IVE incluído):	2.132,02 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Capataz do G.A.E.M.-Praias Marcos Fernández Santamaría		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de equipos de protección para 7 membros do G.A.E.M.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.
Informe:	Capataz do G.A.E.M.-Marcos Fernández Santamaría (21/06/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.		
NIF/CIF:	B36112043		
Importe (IVE incluído):	2.629,94 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal - Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 15 macetas prefabricadas de formigón con forma de cubo para reposición das de madeira xa existentes		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARQUÉS DE MARANCAN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARQUÉS DE MARANCAN, S.L.		
NIF/CIF:	B15711328		
Importe (IVE incluído):	3.212,55 €		
Observacións:			

Nº Proposta	10	Data	27/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de vestiario para persoal de limpeza de praias (16 pantalóns, 32 camisetas, 16 botas, 32 pares de guantes e 16 gorras)	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DOSTEX, S.L. - TRIÑANES E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		DOSTEX, S.L.	
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE incluído):	647,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	27/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 4 tractores de terra vexetal para plantación de árbores en zona axardinada de Aguiño e macetas en Corrubedo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	
NIF/CIF:	B15555923		
Importe (IVE incluído):	435,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	19/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Cobertura dos gastos de aloxamento e manutención dos deportistas representantes do Concello de Riveira nos XIII Xogos do Eixo Atlántico que se celebrarán en Lugo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SERVIPLUSTOTAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		SERVIPLUSTOTAL, S.L.	
NIF/CIF:	B70019294		
Importe (IVE incluído):	666,07 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	21/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Renovación do contrato de mantemento do programa informético do Complexo Deportivo da Fieiteira para o 2º trimestre do 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A.
Informe:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A.
NIF/CIF:	A64728918
Importe (IVE incluído):	1.290,33 €
Observacións:	

Nº Proposta	14	Data	27/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación-Alcaldía Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de anuncio institucional 5x1 módulos en cuaderniño La Voz de Barbantía a publicar o 30/06/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.


Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
NIF/CIF:	A15000649
Importe (IVE incluído):	447,70 €
Observacións:	

Nº Proposta	15	Data	27/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación-Alcaldía Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de praca de metacrilato formato A3 para colocación en Campo de Fútbol de Carreira o día 01/07/2017 co motivo da súa inauguración		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.

Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	DOSTEX, S.L.
NIF/CIF:	B15944002
Importe (IVE incluído):	75,00 €
Observacións:	

Nº Proposta	16	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Elaboración de 3 números (3.000 exemplares/número) dunha revista especial de carácter turístico do Concello de Riveira: Riveraneando		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN, S.L.

Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	GRUPO CÓDIGO CERO COMUNICACIÓN, S.L.
NIF/CIF:	B15919947
Importe (IVE incluído):	6.776,00 €
Observacións:	





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	17	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración, reparto e colocación de 50 carteis DIN A3 publicitario, co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	77,41 €		
Observacións:			

Nº Proposta	18	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do grupo Xiada co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XIADA - ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL XOLDRA RACHADA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XIADA		
NIF/CIF:	G70323522		
Importe (IVE exento):	250,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	19	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Disparo de bombas co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	326,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta	20	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de equipo e asistencia técnica en actos co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


aportados			
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52932383E		
Importe (IVE incluído):	85,91 €		
Observacións:			

Nº Proposta	21	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación de toma eléctrica para actos co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.		
NIF/CIF:	A80241789		
Importe (IVE incluído):	121,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	22	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos para convidar a particulares propietarios de vehículos clásicos, atención proticolaria incluída en actos co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	300,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	23	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	100,00 €		
Observacións/Anexo de acordo:	Asímesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a celebración do programa de actividades sinalado na		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

	citada proposta co motivo da celebración da Festividade de San Cristóbal o día 09/07/2017
--	---


Nº Proposta	24	Data	26/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de traslado da Coral Polifónica de Riveira á Cañiza e regreso o día 11/08/2017, co motivo da súa actuación nesa localidade		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE incluído):	418,00 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Asímesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a celebración do intercambio cultural según a citada proposta		

Nº Proposta	25	Data	20/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de monitorado do campamento de integración a celebrar en Porto do Son do 21 ao 27/08/2017 (Participantes: 20 (15+5))		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE incluído):	2.925,00 €		
Observacións:			

COTA DA ACHEGA ORDINARIA DO CONCELLO DE RIVEIRA Á MANCOMUNIDADE AROUSA NORTE – EXERCICIO 2017

Visto o certificado do Secretario da Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa Zona Norte, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 22/02/2017, referido á sesión plenaria de data 14/12/2016, punto: “Aprobación do orzamento da Mancomunidade do Exercicio 2017, se procedese”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, toma nota da referida certificación, referida á cota da achega ordinaria dos concellos (55.000,00 €), coa súa data límite (30/06/2017), e así mesmo, **acorda** dar traslado da citada certificación ao Servizo de tesourería Municipais para o seu abono





ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO.

ACHEGAS PARA PROMOCIÓN ACTIVIDADES CULTURAI 2016.

Visto o informe presentado pola Comisión Avaliadora de subvencións para as achegas dos beneficiarios da convocatoria Liña de Actividades Culturais 2016, de data 12/06/2017, de aprobación das correspondentes xustificacións e cumprimento de requisitos esixidos para a concesión das achegas destinadas á Promoción de Actividades Culturais 2016.

Visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos) emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/06/2017 – Expediente: Pagamento de achegas a entidades sen fin de lucro.Exercicio 2016.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


A) Aprobar o pagamento de achegas destinadas á Promoción de Actividades Culturais 2016, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:

BENEFICIARIOS	Achega concedida	Importe a ABONAR
ASOCIACIÓN CULTURAL R.V. FRANCISCO LORENZO MARIÑO	1.831,37 €	1.593,47 €
REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA	1.674,40 €	1.674,40 €
CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA	600,00 €	583,58 €
SOCIEDAD DE INSTRUCCIONS HIJOS DE PALMEIRA	1.569,75 €	1.569,75 €
DELEGACIÓN LOCAL ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE RIVEIRA	1.400,00 €	0,00 €
SOCIEDAD CÍRCULO MERCANTIL DE RIVEIRA	1.000,00 €	1.000,00 €
CENTRO RECREATIVO DE ARTES	1.070,00 €	1.070,00 €
ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE	1.255,80 €	616,41 €
ASOCIACIÓN CULTURAL ALBARIZA	1.255,80 €	1.255,80 €
ASOCIACIÓN V.CULTURAL E P.S. Á MOCIDADE DE CARREIRA	950,00 €	950,00 €
ASOCIACIÓN SANTÍSIMO S. DE PALMEIRA	1.098,82 €	1.098,82 €
ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO	1.046,50 €	1.046,50 €
ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL FLOR DE TOXO	400,00 €	0,00 €

B) As entidades con resolución de “0,00” do anterior cadro resumo: Non procede abonar a subvención ou procede o arquivo da solicitude.

III.- CONTRATACIÓN.

CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO





SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “Instalacións, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira”, cun orzamento total de licitación de 266.377,57 euros (orzamento base: 220.146,75 euros; IVE 21%: 46.230,82 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído na “4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015”, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).


O proxecto técnico, redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo (en representación de 2C Arquitectos) na data novembro/2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 30/11/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.622.00, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 16/02/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 36, da data 21/02/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 23/02/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 07/04/2017 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Construcciones Taboada y Ramos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.597.
- 2) Construcciones Oñial, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.650.
- 3) Acciona Construcción, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.661.
- 4) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 4.662.
- 5) Fonsan Gestión y Construcción, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2017, co número 4.681, presentada a través da oficina de correos na data 20/03/2017.
- 6) Obras y Viales de Galicia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2017, co número 4.682, presentada a través da oficina de correos na data 20/03/2017.
- 7) CYS Hispania, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data





21/03/2017, co número 4.684, presentada a través da oficina de correos na data 20/03/2017.

8) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 21/03/2017, co número 4.685, presentada a través da oficina de correos na data 20/03/2017.

9) Mecano Obras y Reformas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/03/2017, co número 4.755, presentada a través da oficina de correos na data 20/03/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do exame da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 12/04/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás seguintes empresas, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta:

- Construcciones Oñial, S.L.
- Acciona Construcción, S.A.
- Vías y Servicios Generales, S.L.
- Fonsan Gestión y Construcción, S.L.
- CYS Hispania, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Mecano Obras y Reformas, S.L.

B.- Requiritur ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde o día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
- Obras y Viales de Galicia, S.L.

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 17/04/2017 cos números que se indica a continuación, e que foron notificados por correo electrónico aos licitadores na mesma data 17/04/2017:

- "Construcciones Taboada y Ramos, S.L.".- Rexistrado de saída co número 2.317.
- "Obras y Viales de Galicia, S.L.".- Rexistrado de saída co número 2.316.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da documentación aportada por cada unha das empresas requiridas, a Mesa de Contratación, na súa reunión da





data 25/04/2017, acordou dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas “Construcciones Taboada y Ramos, S.L.” e “Obras y Viales de Galicia, S.L.”.

O acto público de apertura dos sobres “B” de criterios non avaliábles de forma automática (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa na súa citada reunión de data 25/04/2017, na que se acordou:

1º- Propoñer ó órgano de contratación que designe ó Comité de Expertos a que se refire a cláusula 15.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta contratación, e que o mesmo estea formado polos seguintes membros:


- A enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.
- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.
- O aparellador municipal Jesús García Ramos.

2º- Dar traslado da documentación técnica contida no mencionado sobre “B” ó Comité de Expertos que sexa designado polo órgano de contratación, para que emita o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración non avaliábles mediante fórmulas que figuran na cláusula 15.3 e no Anexo IV do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

A alcaldía mediante decreto de data 28/04/2017 resolveu designar ó Comité de Expertos de conformidade coa mencionada proposta da Mesa de Contratación.

Con data 18/05/2017 o Comité de Expertos emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 25/04/2017, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 19/05/2017, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres “B” de criterios non avaliábles de forma automática (referencias técnicas):

EMPRESA	a) PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (de 0 a 9 pts)	b) PROGRAMA DE TRABAJO (de 0 a 13 pts)	c) PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL (de 0 a 6 pts)	d) PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 12 pts)	PUNTUACIÓN TOTAL FASE 1
CONSTRUCCIONES TABOADA RAMOS, S.L.	6	9	5	8	28
CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	7	6	4	9	26
ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	8	10	6	12	36





VIAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	3	2	2	10	17
FONSÁN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN, S.L.	6	12	5	11	34
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	7	13	5	11	36
CYS HISPANIA, S.L.	4	5	5	7	21
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	4	11	6	8	29
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	5	12	4	9	30

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres “c” (de oferta económica e referencias avaliadas de forma automática) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, de porcentaxe destinado a control de calidade externo e de porcentaxe destinada a control de calidade interno ofertados, dando o resultado seguinte:


LICITADORES	VALOR ESTIMADO (IVE excluído)	% de control de calidade externo	% de control de calidade interno
Construcciones Oñial, S.L.	175.333,88 €	4	12
Acciona Construcción, S.A.	182.369,57 €	3	7
Vías y Servicios Generales, S.L.	175.016,66 €	3	1
Fonsan Gestión y Construcción, S.L.	176.116,71 €	3	20
CYS Hispania, S.L.	193.729,14 €	3	3
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	156.964,63 €	3	10
Mecano Obras y Reformas, S.L.	179.837,88 €	5	5
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	185.694,00 €	3	1
Obras y Viales de Galicia, S.L.	203.652,89 €	3	10

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a alcaldía, por decreto da data 25/05/2017, resolveu dar audiencia á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

A notificación á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” realizouse na data 29/05/2017.

Dentro do prazo concedido presentou documentación para xustificar a súa oferta económica a empresa requirida (que foi remitida a través da oficina de correos na data 02/06/2017 e que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data





05/06/2017 co número 9.294).

Con data 09/06/2017 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu informe relativo á oferta económica presentada por Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polo ofertante e onde expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a formular a súa oferta, e toda vez que a mesma susténtase en gran medida na redución do prazo da obra, debo de manifestar a miña desconformidade ao respecto, e fundamentado no seguinte:

1- Esta obra ofrece unha certa complexidade no seu proceso construtivo o coa intervención de oficios e traballos especializados (carpintería metálica exterior, cerramento exterior en zinc, etc...), e ademais as instalacións proxectadas (iluminación, fontanería, ventilación, climatización e protección contra incendios) requiren unha programación secuenciada rigorosa e de certa complexidade técnica.

2.- Coñecendo a secuencia dos traballos a xestionar no desenvolvemento evolutivo da obra, a complexidade da execución deste tipo de traballos e a propia experiencia profesional deste técnico na dirección de obras análogas e/ou similares, teño a ben de concluír que a presente obra non se pode executar coas garantías esixibles no prazo que indica a empresa (2 meses). En consecuencia a proposta de prezos ofertados non se considera viable.

E segundo o exposto propón *“rexeitar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones, S.A”.*


A vista do citado informe técnico, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 27/06/2017, procedeu a realizar o cálculo das puntuacións das ofertas, do xeito que se indica no anexo IV do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación: criterios de valoración (Fase II criterios avaliábles mediante formulas), calculándose a puntuación económica de acordo coa fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela que figura no citado Anexo IV, a través da aplicación informática dispoñible na Web oficial da Excm. Deputación Provincial da Coruña, excluíndose do dito cálculo á empresa *“Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A”.*


Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 27/06/2017.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto





Iglesias Fungueiriño na data 09/06/2017 así como da documentación presentada pola empresa como xustificación da súa oferta **non considerar xustificada** a oferta económica presentada pola empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”, excluíndoa, polo tanto, da licitación.


SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras do proxecto “Instalacións, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira”, do seguinte xeito:**

Nº	LICITADORES	PUNTUACIONES				
		Sobres “B”	Sobres “C”			Suma Total
			% de control de calidade externo	% de control de calidade interno	Oferta económica	
1	Fonsan Gestión y Construcción, S.L.	34,00	9,00	1,00	39,02	83,02
2	Acciona Construcción, S.A.	36,00	9,00	0,35	33,48	78,83
3	Construcciones Oñial, S.L.	26,00	9,00	0,60	39,72	75,32
4	Mecano Obras y Reformas, S.L.	30,00	9,00	0,25	35,72	74,97
5	Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	28,00	9,00	0,05	30,53	67,58
6	Vías y Servicios Generales, S.L.	17,00	9,00	0,05	40,00	66,05
7	Obras y Viales de Galicia, S.L.	36,00	9,00	0,50	14,62	60,12
8	CYS Hispania, S.L.	21,00	9,00	0,15	23,41	53,56

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Fonsan Gestión y Construcción, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 12.1.1 e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumpríntase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.





IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.


Visto o escrito presentado por **Guadalupe Bande Mariño**, na data 27/04/2017 (Rexistro de entrada nº 6.936), no que solicita licenza para instalación de terraza de 4 mesas con ocupación de tempada no BAR A CUBA, sito na Rúa do Sal nº 4, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico favorable emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, na data 18/05/2017, de acordo co establecido polo artigo 6 da ordenanza fiscal do Concello de Riveira, e ao informe xurídico con proposta resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/06/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á Sra. Guadalupe Bande Mariño, **LICENZA DE OCUPACIÓN CON CÁRACTER DE TEMPADA DE 4 MESAS** no BAR A CUBA, sito na Rúa do Sal nº 4, Riveira.

Segundo.- Dita autorización deberá cumprir o disposto pola Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría do Concello de Riveira establecendo o artigo 6.1 que *“o horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1.30 da madrugada nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e ata as 12.00 da noite durante o resto do ano entre semana e ata a 1.00 da madrugada en venres e sábados, podendo prorrogarse en época de festas. As autorización poderán ser anuais ou de ocupación turística. Entendendo de ocupación turística as que comprenden o período de Semana Santa e do 1 de xuño ao 30 de setembro, ambos inclusive, e anual as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos”.*

Terceiro.- Se polos técnicos do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia das autorizacións aprécianse desviacións no correcto funcionamento das terrazas respecto ás condicións impostas na citada autorización, procederase a inmediata actuación de acordo co réxime disciplinario e sancionador disposto na Ordenanza Municipal Reguladora de Terraza e Quioscos de Hostalaría do Concello de Riveira.





Cuarto.- Asimesmo a autorización concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da autorización, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Alberto Gil Dios**, de datas 28/04/2017 e 06/06/2017 (Rexistros de entrada nº 6.969 e 9.446), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira en parcela resultante da agrupación en escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente cunha superficie total de 817,00 m².

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/06/2017, ao disposto no informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/06/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Alberto Gil Dios **LICENZA DE OBRAS (Nº 30/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Sabartán, Montevixán, Carreira, Riveira en parcela resultante da agrupación en






escritura pública otorgada polo notario Sr. Santiago Botas Ramos das parcelas con refª catastral nº 15074A022020710000KP e con refª catastral nº 15074A022006920000KZ respectivamente cunha superficie total de 817,00 m², nos termos do Proxecto Básico de abril de 2016 redactado pola Sra. Carmen María Pérez Pérez, (Arquitecto Col. nº 3.803):


- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, refléxase unha superficie de cesión en total de 37,00 m²), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 1.074,48 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.






- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros





materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por **Juan Martínez Calvo**, de data 06/06/2017 (Rexistro de entrada nº 9.490), nos que solicita licenza de obras para demolición de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, sita no lugar de Grao nº 2, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A03500721000KQ.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 07/06/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, Jose





Martínez de Llano Orosa, de data 12/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:


Primeiro.- CONCEDER ao Sr. Juan Martínez Calvo **LICENZA DE OBRAS Nº 31/17)** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** sita no lugar de Grao nº 2, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A03500721000KQ, nos termos do Proxecto de demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de maio de 2017 redactado pola Sra. Laura Palacio Marín arquitecta, (col. 3.963) e Sra. Mª Teresa Gómez Pombo arquitecta, (col. 2987).

Segundo.- A demolición iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*







- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da demolición respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata





paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03 CONCEDIDA A MANUEL FERNÁNDEZ SAMPEDRO PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

EXPEDIENTE: Revisión de oficio da licenza de obra nº 395/03 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández Sampedro.

INTERESADO - PROMOTOR/A: Manuel Fernández Sampedro.

INTERESADO: Manuel Rivademar Parada.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.


Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2003 concedeuse ao Sr. Manuel Fernández Sampedro licenza de obras nº 308/ 03 para construción de peche de finca de 35 metros lineais no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

SEGUNDO.- Contra dita resolución se interpuxo polo Sr. Manuel Rivademar Parada Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de





Santiago seguido como P.O. nº 143/2003, que emite Sentenza na data 20 de setembro de 2004 no que falla do seguinte xeito:

“
(...)

Que con desestimación del recurso contencioso-administrativo, presentado por D. Manuel Rivademar Parada, en relación con la resolución dictada en fecha 30 de julio de 2003 de otorgamiento de la licencia nº 308/2003 para la construcción de cierre en la parcela de titularidad de D. Manuel Fernández Sanpedro, debo declarar y declaro la conformidad a derecho del acto administrativo recurrido, no haciendo expresa condena respecto de las costas causadas en este juicio.

(...)
”

TERCEIRO.- Posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 acordou por unanimidade en base ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Sr. Antonio Queiruga Sarasquete na data 28 de xullo de 2003 conceder a licenza municipal de obras nº 395/2003 ao Sr. Manuel Fernández Sampedro para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

CUARTO.- Posteriormente na data 10 de febreiro de 2005 o Sr. Manuel Rivademar Parada presenta denuncia urbanística pola edificación de dita vivenda unifamiliar.

QUINTO.- Por Decreto de Alcaldía de data 2 de maio de 2005 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística nº 8/2005 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adoptase algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SEXTO.- Por Decreto de Alcaldía de data 12 de abril de 2006 procedeuse a resolver o mencionado expediente de reposición da legalidade urbanística do seguinte xeito:


“
(...)


Proceder ao arquivo do expediente nº 8/2005 incoado contra o Sr. Manuel Fernández Sanpedro.

(...)
”

SÉTIMO.- Contra dita resolución se interpuxo polo Sr. Manuel Rivademar Parada Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 445/2006, que emite Sentenza na data 15 de xaneiro de 2008 no que falla do seguinte xeito:

“
(...)





Que con desestimación íntegra del recurso contencioso-administrativo, presentado por la procuradora Sra. Esperanza Álvarez en nombre y representación de D. Manuel Rivademar Parada se presentó recurso contencioso-administrativo contra la resolución de fecha 12 de abril de 2006 por la que se acuerda el archivo del expediente de reposición de legalidad nº 8/2005, debo declarar y declaro la conformidad a derecho del acto administrativo recurrido, no haciendo expresa condena respecto de las costas causadas en este juicio.

(...)

”

OITAVO.- A devandita Sentenza foi recurrida polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tramitándose Recurso de Apelación nº 4157/2008 ante a sala do Contencioso-Administrativo nº 1, dictándose sentenza en data 5 de novembro de 2009, na que despois de indicar nos fundamentos de dereito que:

“

(...)

de ahí que haya de ser confirmada la sentencia que consideró que no existían motivos para la anulación del acuerdo municipal que rechazó fundadamente la denuncia del apelante, desde el momento que el ayuntamiento actuó correctamente en la concesión de una licencia de conformidad al proyecto que se le había presentado, en el que el camino en cuestión aparecía incluido dentro de la finca del solicitante. No cabe duda que un principio general de nuestro derecho administrativo proclama que los actos de intervención y autorización administrativa se producen en su ámbito específico de regulación pública, sin perjuicio de los derechos de terceros...”,

falla:

“

(...)

Que debemos desestimar el recurso de apelación interpuesto por Don Manuel Rivademar Parada contra la sentencia de 15 de enero de 2.008, que confirmamos íntegramente, y con imposición de las costas.

(...)

”

NOVENO.- Posteriormente polo Sr. Manuel Rivademar Parada se interpón ante os Xulgados de Riveira, “Acción Declarativa de Dominio”, no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011, en cuio procedemento non foi parte o Concello de Riveira, que emite Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 no que falla:

“

(...)

Que debo estimar y estimo la demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada y Rosario Gude Sampedro representados por la procuradora Dª Tamara Paisal Outeiral y defendidos por el letrado D. Miguel A. Fernández Rodríguez, contra Manuel





Fernández Sampedro, representado por el procurador Sr. Novoa y asistido de la letrada D^a María Gude Sampedro y en consecuencia debo declarar y declaro que:

- 1) Que la finca denominada "Leira da Suerte" que se describe en el hecho primero de la demanda y se encuentra inscrita en el Registro de la Propiedad de Noia, folio 150, tomo 727, del archivo, libro 180 de Riveira, finca 14.947, es de la propiedad de la sociedad de bienes gananciales formada por los actores.*
- 2) Que asimismo forma parte de la finca anteriormente descrita y es de la propiedad de la sociedad de bienes gananciales que forman los actores, la franja de terreno que con un frente de 2.10 metros se extiende desde la carretera de Aguiño conduce a la Graña o Rúa Listres (linde este, en parte de la finca Leira da Suerte, anteriormente descrita) hacia el oeste entre las fincas de D. Manuel Lampón ("Agro do Patrón" sita al linde Norte) y del demandado Manuel Fernández Sampedro, ("Leira da Carretera" sita al linde sur), hasta entroncar con el resto de la finca propiedad de los actores.*
- 3) Condenando al demandado a estar y pasar por dicha declaración, así como al abono de las costas procesales.*

(...)

"

DÉCIMO.- Polo Sr. Manuel Rivademar Parada en escrito rexistrado de entrada na data 30 de xaneiro de 2013, (Rexistro de entrada nº 1.390), solicítase que:

"

(...)

Que teniendo por presentado el escrito que antecede tenga por presentado el escrito que antecede y evacuado el trámite conferido dicte resolución por la que se acuerde la existencia de una infracción urbanística grave y se proceda a la reposición de la legalidad urbanística acordando la nulidad de la licencia y demolición de la edificación por no ajustarse a planeamiento y ello en los términos interesados en el cuerpo del escrito.

(...)

"

DÉCIMO PRIMEIRO.- Polo Concello de Riveira en oficio rexistrado de saída na 13 de marzo de 2014, (Rexistro de saída nº 1.567), solicítase ao interesado:

"

(...)


Copia da Sentenza emitida en relación ao Recurso de Apelación, para de modo poder incoar o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística.

(...)

"

DÉCIMO SEGUNDO.- Polo Sr. Manuel Rivademar Parada en escritos rexistrados de entrada 20 de marzo de 2014, (Rexistro de entrada nº 3.421), achégase os autos dictados





pola sección 6ª da Audiencia provincial pola que se declara a firmeza da sentenza dictada Xulgado de Primeira de Riveira.

DÉCIMO TERCEIRO.- Por Decreto de Alcaldía de data 9 de marzo de 2015 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Manuel Fernández Sampedro na data 12 de marzo de 2015 e ao Sr. Manuel Rivademar Parada na data 13 de marzo de 2015.

DÉCIMO CUARTO.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Fernández Sampedro presenta alegación en escrito rexistrado de entrada na data 24 de marzo de 2015, (Rexistro de entrada nº 3.144), ao citado Decreto de Alcaldía de data 9 de marzo de 2015.

DÉCIMO QUINTO.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Rivademar Parada en escrito rexistrado de entrada na data 3 de agosto de 2015, (Rexistro de entrada nº 8.005), presenta escrito de alegacións do seguinte xeito:

“
(...)

Suplica, que teniendo por presentado el escrito que antecede y acuerde sin más trámite la orden demolición de la edificación construída con infracción de las normas urbanísticas para la parcela, al incumplir los parámetros señalados en la licencia. La falta de actuación urgente de la administración local obligaría a formular denuncia ante la Ficalía.”


DÉCIMO SEXTO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 17 de setembro de 2015 acordou por unanimidade:

“
(...)

Primeiro.- *Vistos os fundamentos das sentenzas dictadas polo Xulgado Contencioso e polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e resultando probado o feito de que a efectiva finalización da obra supera amplamente o prazo de 6 anos establecido polo artigo 218 da LOUG, queda de manifesto que o expediente administrativo de disciplina urbanística iniciado a instancia dos escritos presentados por Manuel Rivademar Parada non é procedemento adecuado para restaurar a legalidade urbanística polo que se procede ao **ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 3/15.***

Segundo.- *Asimesmo en concordancia co anterior vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a “Acción Declarativa de Dominio”, presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sanpedro, procede segundo o establecido polos artigos 102.1 e 62.1.f) **INICIO DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de*





2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

*Terceiro.- Conceder audiencia aos interesados isto é a Manuel Fernández Sampedro e a Manuel Rivademar Parada para que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse con anterioridade a solicitude do **INFORME PRECEPTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO** segundo o disposto polo artigo 102.1 e 62.1.f) da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.*

(...)

”

DÉCIMO SÉTIMO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de febreiro de 2017 acordou por unanimidade:

“

(...)


*Primeiro.- Visto o artigo 102.5 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común que dispón que cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de tres meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo se procede a **DECLARAR A CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.*

*Segundo.- Vistos os fundamentos das sentenzas dictadas polo Xulgado Contencioso e polo Tribunal Superior de Xusticia de Galicia e resultando probado o feito de que a efectiva finalización da obra supera amplamente o prazo de 6 anos establecido polo artigo 218 da LOUG, vista asimesmo en concordancia co anterior vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a “Acción Declarativa de Dominio”, presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sanpedro, procede segundo o establecido polos artigos 102.1 e 62.1.f), e atendendo a obriga da administración de resolver, **O INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.*

*Terceiro.- Conceder audiencia aos interesados isto é a Manuel Fernández Sampedro e a Manuel Rivademar Parada para que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretenda valerse con anterioridade a solicitude do **INFORME PRECEPTIVO DO CONSELLO CONSULTIVO** segundo o disposto polo artigo 102.1 e 62.1.f) da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.*

(...)

”





DÉCIMO OITAVO.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Manuel Fernández Sampedro na data 23 de febreiro de 2017 e ao Sr. Manuel Rivademar Parada na data 21 de febreiro de 2017.

DÉCIMO NOVENO.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Rivademar Parada en escrito rexistrado de entrada na data 9 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 3.821 presenta escrito de alegacións.


VIXÉSIMO.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Fernández Sampedro en escrito rexistrado de entrada na data 14 de marzo de 2017, (Rexistro de entrada nº 4.232) presenta escrito de alegacións.

VIXÉSIMO PRIMEIRO.- Instruído o correspondente expediente de revisión de oficio, o instructor do procedemento, o funcionario Técnico de Administración Xeral de Urbanismo Sr. José Martínez de Llano Orosa emite informe xurídico proposta de resolución en sentido desestimatorio na data 2 de maio de 2017 co seguinte tenor literal:

“
(...)

*Vistos os antecedentes que obran no expediente isto é, licenza municipal de obras nº 395/2003 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández Sampedro para construír unha vivenda unifamiliar, visto o Decreto de Alcaldía de data 12 de abril de 2006 que resolve o arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 8/2005, vista a Sentenza de data 15 de febreiro de 2.008, confirmada pola sentenza de 5 de novembro de 2.009, desestimatoria do Recurso Contencioso-Administrativo presentado polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago seguido co nº 445/2006, vista a Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 emitida en relación a “Acción Declarativa de Dominio”, presentada no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que estima a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada e Rosario Gude Sampedro contra D. Manuel Fernández Sampedro, ratificada polos autos dictados pola Sección 6ª da Audiencia Provincial pola que se declara a firmeza da sentenza dictada Xulgado de Primeira de Riveira; tendo en conta que a obra esté efectivamente terminada dende fai mais de seis anos segundo o prazo de prescripción establecido polo artigo 159 da Lei do Solo de Galicia, visto os artigos 106 e 107 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións, así como o Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, e o artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse a Xunta de Goberno Local, **ACORDAR:***

PROCEDER AO ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 395/03 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 31 de xullo de 2003 a Manuel Fernández para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.





VIXÉSIMO SEGUNDO.- En atención á Lei 3/2014 do 24 de abril do Consello Consultivo de Galicia, en escrito rexistrado de saída do Concello de Riveira na data 16 de maio de 2017, (Rexistro de saída nº 2.966), remitiuse copia completa do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do seu preceptivo ditame.

O expediente foi recibido polo Consello Consultivo na data 22 de maio de 2017 como figura no acuse asinado polo Sr. Juan J. Baños.

VIXÉSIMO TERCEIRO.- Mediante oficio rexistrado de entrada no Concello de Riveira na data 27 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 11.192), Rexistrado de saída do Consello Consultivo na data 21 de xuño de 2017, (Rexistro de saída nº 418), achégase o ditame adoptado polo Consello Consultivo de Galicia número CCG 198/17, asinado na data 21 de xuño de 2017 polo Presidente Sr. José Luis Costa Pillado e pola Secretaria do Pleno e das seccións Sra. Vanessa Brea Lago, no que se informa favorablemente a proposta de resolución remitida, se ben coa observación contida na consideración quinta do mencionado ditame, co seguinte tenor literal:

“
(...)

Consideración Quinta.- *Sendo evidente, pois, a manifesta improcedencia de declarar a nulidade de pleno dereito da licenza controvertida, debe observarse, no entanto, que tramitado o procedemento de revisión de oficio na súa totalidade, con intervención dos interesados, que compareceron e efectuaron as alegacións que tiñeron por convenientes na defensa dos seus dereitos, o acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local non deberá ser, fronte ao sinalado pola Proposta, o de proceder ao arquivo do expediente, senón o de resolver declarando a improcedencia da revisión de oficio da licenza controvertida, coa motivación resultante da proposta, e con ofrecemento dos recursos correspondentes na notificación que da referida resolución se practique aos interesados; isto dacordo co establecido nas disposicións xerais que en materia de finalización do procedemento se conteñen nos artigos 84 e seguintes da Lei 13/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

(...)

“


FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 12 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Entidades Locais sinala que as licenzas e autorizacións entenderase outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

SEGUNDO.- O artigo 9 da Constitución Española establece que os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.

Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan o dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A Constitución garantiza o principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras no favorables o restrictivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.





O artigo 103 da CE establece que a Administración Pública serve con obxetividade aos intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometimento pleno á lei e a Dereito.

TERCEIRO.- O artigo 53 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que sen prexuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 desta Lei, as Corporacións Locais poderán revisar os seus actos e acordos nos termos e co alcance que, para a Administración do Estado, establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

En concordancia co anterior o artigo 218 do ROF establece que sen perxuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 de la Lei 7/1985 de 2 de abril, os órganos das Entidades Locais poderán revisar os seus actos, resolucións e acordos, nos termos e co alcance que establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

CUARTO.- O artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas trata a revisión de disposicións e actos nulos do seguinte xeito.

1. As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recurridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1.

2. Asimesmo, en calquera momento, as Administracións Públicas de oficio, previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houbera, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 47.2.

3. O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictamen do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas no se basen en algunha das causas de nulidade do artigo 47.1 ou carezcan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se desestimasendo en canto ao fondo outras solicitudes sustancialmente iguais.


4. As Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda reconocer aos interesados, si se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público sen perxuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes dictados en aplicación da mesma.


5. Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de seis meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo. Se o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, poderase entender a mesma desestimada por silencio administrativo.

QUINTO.- A nulidade dos actos administrativos aparecen regulados no artigo 47 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

- Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.





- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.
- e) Os dictados prescindindo total e absolutamente d procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico poos que se adquiren facultades ou dereitos cando se carezca dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se establezca expresamente nunha disposición de rango legal.

2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezcan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais.


SEXTO.- Establece o artigo 110 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os límites da revisión establecendo que as facultades de revisión establecidas neste capítulo, non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.


CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- En relación ao suposto que nos ocupa mencionar que xa constaba Sentenza emitida na data 20 de setembro de 2004 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 143/2003, contra o Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2003 polo que se concedía ao Sr. Manuel Fernández Sampedro a licenza de obras nº 308/03 para construción de peche de parcela de 35 metros lineais no lugar de Listres de Arriba, Aguiño, Riveira.

SEGUNDA.- Conforme a Sentenza emitida na data 15 de xaneiro de 2008 en relación ao Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 445/2006, e a sentenza de 5 de novembro de 2.009 da Sección 2ª do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia que resolve o Recurso de Apelación nº 4157/2008, “ non existían para a anulación do acordo municipal que rechazou fundadamente a denuncia do apelante, dende o momento que o Concello actuou correctamente na concesión dunha licenza de conformidade co proxecto que se lle había presentado, no que o camino en cuestión aparecía incluído dentro da finca do solicitante. Non cabe dúbida que un principio xeral do noso dereito administrativo proclama que os actos de intervención e autorización administrativa producense no ámbito específico de regulación pública, sin perxuízo dos dereitos de terceiros; principio, en definitivam que está positivizado, con esa mesma clásica formulación no artigo 12 do RSCL”.

TERCEIRA.- A vivenda unifamiliar construída ao amparo da licenza de obra nº 395/2003 propiedade do Sr. Manuel Fernández Sanpedro, segunda acta de inspección efectada polo Vixiante de rendas Sr. Ramón Ces Pazos atopabábase efectivamente rematada no ano 2005 como consta en reportaxe fotográfico efectuado polo departamento de rendas e exaccións.





CUARTA.- Posteriormente o Sr. Manuel Rivademar Parada interpuso no Xulgado de Riveira, “Acción Declarativa de Dominio”, no Xulgado de Primeira nº 2 autos P.O 80/2011 que emite Sentenza na data 10 de xaneiro de 2012 que estimar a demanda deducida a instancia de Manuel Rivademar Parada y Rosario Gude Sanpedro.

QUINTA.- É un feito evidente que entre a efectiva finalización no ano 2005 das obras de construción da vivenda unifamiliar litixiosa e a Sentenza recaída en vía civil na data 10 de xaneiro de 2012 pasaron máis de seis anos establecidos no artigo 159 da Lei do Solo de Galicia para exercer as accións encaminadas a restauración da legalidade urbanística.

SEXTA.- En relación á revisión da licenza de obra nº 395/2003 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de xullo de 2003 para construción de vivenda unifamiliar non pode omitirse o feito de que en vía administrativa ratificouse en repetidas ocasións o efectivo cumprimento da normativa urbanística e a conformidade a dereito tanto da primitiva licenza de obra nº 308/03 para construción do peche de 35 metros lineais ratificada pola Sentenza na data 20 de setembro de 2004 en relación ao Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 143/2003, como da posterior licenza de obra nº 395/2003 para construción de vivenda unifamiliar e da posterior resolución do expediente de disciplina urbanística DU 8/2005 incoado como consecuencia da denuncia presentada polo Sr. Manuel Rivademar Parada, conforme á Sentenza emitida na data 15 de xaneiro de 2008 en relación ao Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo Sr. Manuel Rivademar Parada ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 445/2006, e a sentenza de 5 de novembro de 2.009 da Sección 2ª do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia que resolve o Recurso de Apelación nº 4157/2008.

O Sr. Manuel Rivademar Parada coa súa actuación de presentar Recursos na xurisdicción contenciosa-administrativa parecía obviar o feito de que os actos de intervención e autorización administrativa producense no ámbito específico da regulación pública, sin prexuízo dos dereitos de terceiros, polo que o transcurso de tempo é causa imputable a reclamación das súas pretesións na xurisdicción equivocada, isto é a contenciosa-administrativa, en lugar da vía civil como xa sinalaba a Sentenza emitida na data 20 de setembro de 2004 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago seguido como P.O. nº 143/2003 que no seu fundamento xurídico primeiro xa sinalaba que:


“
(...)

y ello sin perjuicio de la facultad que corresponde a los Tribunales Civiles para declarar la real propiedad de estos caminos (artículo 65 del citado REAL Decreto 1372/1988 de Bienes de las Entidades Locales) de modo que a esta jurisdicción contencioso-administrativa no le corresponde desarrollar otra actividad que la de velar por la legalidad de los actos de recuperación acordados.

(...)
“

Polo anteriormente exposto é un feito evidente e queda de manifesto que o Concello na concesión da licenza de obras nº 308/03 para construción de peche de parcela de 35 metros lineais e da licenza de obra nº 395/2003 para construción de vivenda unifamiliar





actuou correctamente cumprindo estrictamente o exixido tanto pola normativa urbanística como polo dereito administrativo.

SÉTIMA.- A reiterada Xurisprudencia do Tribunal Supremo respecto á potestade de revisión de oficio que ostentan as Administracións regulada no artigo 106 e 107 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, define dita potestade como un medio excepcional e extraordinario que pola súa incidencia sobre o principio de seguridade xurídica, ao operar sobre actos firmes, debe ser obxecto de aplicación restrictiva e rigurosa en canto ao transcurso de tempo.


Así o artigo 110 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece os límites da potestade de revisión cando por prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis, polo que no suposto de que outorgada unha licenza urbanística, os particulares que alegaran dereitos de propiedade e recaiese en vía civil unha Sentenza favorable a súas pretensións, e intentasen facelo valer en vía administrativa, podería dar lugar a unha revisión da licenza de obra por causa sobrevida, debéndose examinar con cautela si se cumpren os requisitos para elo, posto que dita revocación se incardina nos supostos de actos da Administración nulos de pleno dereito o anulables, polo que a Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece un prazo de caducidade de catro anos para tal revisión, transcurrido o mesmo quedaría o acto firme o acto administrativo de concesión de licenza.

Así o Dictamen do Consello do Estado nº 981/1998 de 23 de abril, indica que a través do exercicio da acción de nulidade, non cabe reabrir sen máis e con plenitude, unha discusión que no seu caso, pudo plantearse mediante a utilización de réxime de impugnación ordinario que ofrecía o ordenamento xurídico.

OITAVA.- Ao respecto a Sentenza 811/2012 de 13 Setembro de 2012 emitida en relación ao Rec. 4268/2012 pola Sección 2ª do Tribunal Superior de Justicia de Galicia:

“
(...)

